

Contar historias

Debo recoñecer que cando David me dixo en Córdoba, cervexa en man, unha refutación na memoria, que me apuntara a este certame; o primeiro que me veu á mente foi: que carallo vou contar eu a esta xente.

Así que pensei, pensei, bebín e seguíñ matinando que podía comunicarvos, que ao fin e ao cabo significa, é agasallar quen te escoita cunha parte de ti. O único que se me ocorreu foi que eu só sei contar historias. Realmente penso que todo o mundo sabe contalas. De modo que xa coñecedes por que non teño nada de especial.

Contar historias significa que temos a capacidade de trasladar aos demais a nosa visión do mundo. Nos realizamos como persoas na medida en que nos relacionamos cos demais, na medida en que nos comunicamos cos nosos semellantes. Hoxe, contar historias significa ter unha boa conversa, escribir un bo texto, presentar un bo proxecto, defenderse con palabras aí fóra ou que meu avó me conte que el foi alguén na vida.

Un publicista conta unha historia, un médico cando fai unha diagnose, un político cando procura un voto, un cantautor, unha nai, un cativo...

Mais o caso é contalas ben. E permítanme dicirlles con toda modestia que un dos mellores colectivos para esto son os xornalistas.

Eugenio Scalfari, director do xornal italiano La Repubblica deu a mellor definición da nosa profesión, e tamén do noso estilo de vida: Somos xente que lle di á xente o que lle pasa á xente. Un xornalista é quen mellor conta as historias porque, dicía Hemingway, que o xornalista debe empaparse da vida.

A necesidade do ser humano de escoitar historias está abondo demostrada. Na Inglaterra de 1840, os ingleses agardaban nos peiraos de Londres a chegada de “A vella tenda de curiosidades”, a novela de Charles Dickens. Que amosa isto? Que o home tivo, ten e terá unha necesidade de coñecer feitos que informan e tamén que conmoven, emocionan, inquedan ou amolan.

De historias que amolaron ao poder está feita a vida e obra do xornalismo.

Se cadra, pode ser unha das súas razóns de ser.

Na penúltima era dourada do xornalismo, porque me resisto a crer que foi a derradeira, en España os redactores do primeiros xornais nados en democracia tiñan un cartel perante a súa mesa que rezaba: Cada mesa, un Vietnam.

Un pouco antes, a finais anos 60 en Estados Unidos, o xornalista Edward Murrow enfrontouse ao senador Mcarty e a caza de bruxas que estaba a levar contra todo aquel cidadán que considerar sospeitoso de comunista.

No seu programa 60 minutos abordou a afectados, proclives e detractores, e ao propio Mccarty nunha serie de entrevistas que pasaron á historia da comunicación. Boa parte destas pequenas xoias da televisión foron a inspiración da película Boas noites e boa sorte.

Deste xeito, Murrow contou unha historia que o resto do pobo americano nunca podería pronunciar. Un auténtico abuso dos poderes públicos en contra dos intereses xerais da cidadanía. Murrow fixo boa máxima de Jefferson, un dos pais fundadores de Estados Unidos, que dixo que prefería un país sen goberno que un goberno sen xornais.

Si amigos, denunciar tamén é contar unha historia. Orwell dicía que o xornalismo é publicar todo aquilo que o poder non quere que publiques, todo o demais son relacións públicas.

Dende logo que Richard Nixon non quería que dous avezados reporteiros do diario local The Washington Post investigasen ata o final o caso Watergate. O caso que lle levou a presentar a primeira dimisión dun presidente nos máis de douscentos anos de democracia en Estados Unidos.

Podemos considerar estes casos que vos conto como pequenas victorias do xornalismo. Pode que camiñemos de victoria en victoria ata a derrota final.

Porque nese camiño, moitas historias ficaron nos caixóns para sempre.

Algún nesta sala ve a serie de televisión The Newsroom? De entrada, disculpas a alguén por se lle fago spoiler, pero nun capítulo desta serie sobre un canal de televisión, o FBI asalta á redacción por mor dunha investigación que estaba a facer a redacción sobre un delito de crimes de lesa humanidade.

Ficción, pensaredes. Pois non tan lonxe da realidade. Hai dous anos, o director do xornal británico de The Guardian tivo que esnaquizar o seu ordenador ante o temor de que a Policía levara todos os documentos do caso Snowden que neses intres estaban a investigar. A solución foi envialos á directora do New York Times, Jill Abramson, para que foran publicados, como ocorreu finalmente. A mesma Abramson que facía fincapé a pasada semana en Madrid de que sen historias non hai xornalismo, e tampouco sociedade.

Como vedes, hai historias que precisan ser contadas pero que non todo o mundo está disposto a escoitalas. Exemplos temos todos os días.

Gustaría de rematar a miña intervención, o meu pequeno agasallo envolto en palabras, dicindo que contar historias tamén une. En tempos, as noticias eran coñecidas de xeración en xeración grazas á tradición oral dos nosos devanceiros. Moitas desas tradicións son hoxe os alicerces da nosa cultura e grazas a algúns adiantados hoxe somos mellores.

Un daqueles adiantados foi Valentín Lamas Carvajal, menos coñecido que Rosalía, Curros Ou Pondal pero igualmente trascendente por ser o primeiro en introducir o galego na prensa, coa fundación do xornal Tío Marcos da Portela, distribuidor entre outros do Catecismo do Labrego.

Así é como, entre nós, alén de nós e para nós, contar historias fainos en definitiva, máis libres.